

XEOGRAFÍA DE ESPAÑA 2º BACHARELATO CURSO 2021/22

1. INTRODUCCIÓN.

Materia troncal de opción do Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais que ten como obxecto de estudo o espazo xeográfico utilizando as máis variadas fontes de información e elementos fundamentais da investigación e do método científico (fundamentalmente as cartográficas). Por elo, esta materia axudará a comprender a organización espacial do sistema territorial no que está inmerso o alumnado. O seu estudo permitirá percibir a existencia dun espazo plural¹ desde distintas escalas (local, rexional, nacional, continental e mundial), consolidando unha madurez persoal no alumnado ante a percepción dos problemas ante a relación do medio físico e a acción do home, así axudaremos a formar persoas responsables e respetuosas coa diversidade natural e humana.

No curso actual 2021-2022 adiantouse aos centros que se poden producir cambios no formato de exame da abau, durante os cursos 2019-2020 e 2020-2021 adaptouse e flexibilizouse a proba polas circunstancias derivadas da covid. Non obstante no curso actual prevese que se retome o formato de exame completo sen flexibilización de contidos.

2. CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS CLAVE

Competencias sociais e cívicas (CSC).

Un obxectivo básico da xeografía é o estudo das sociedades e o seu contorno, das tensións e cambios, en definitiva da plural realidade social do mundo no que vivimos.

Como indicadores básicos desta competencia:

- Aplicar dereitos e deberes da convivencia no contexto escolar.
- Coñecer as actividades humanas.
- Adquirir unha idea da realidade xeográfica (física e humana) a a partir de diferentes fontes.
- Coñecer e valorar as implicacións de vivir nun estado democrático cunha constitución.
- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións cotiás e para a resolución de conflitos.
- Recoñecer e respectar a diversidade de opinión e ideas.
- Involucrarse na sociedade e no contorno (conservación e mellora).

Conciencia e expresións culturais (CCEC).

A xeografía co estudo do espazo físico e humano é un aspecto fundamental a ter en

¹ Tanto a nivel físico como humano.

conta, como evoluciona a relación do ser humano co medio a medida que cambia a historia da humanidade. Todo isto se conseguirá mediante o desenvolvemento da destreza de observación, da preocupación pola riqueza e variedade do espazo e do patrimonio cultural e artístico. Como indicadores fundamentais:

- Mostrar respecto cara o patrimonio cultural mundial e cara as persoas que contribuíron a desenvolvelo vendo no medio natural e humano unha manifestación fundamental.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Apreciar a beleza das paisaxes naturais e mostrarse crítico coas accións humanas que os destrozan.
- Manifestar sensibilidade na súa vida cotiá.

Aprender a aprender (CAA).

O estudo da xeografía proporciona ao alumnado as ferramentas necesarias para que mediante a análise das diversas fontes constrúa a súa propia aprendizaxe. As destrezas desenvolvidas nesta materia permitirán ao alumnado acceder de maneira autónoma e crítica a diversas fontes para analizar e comprender a sociedade na que vive en toda a súa complexidade, interrogándose sobre as causas dos problemas e plantexarse algunha solución. Como indicadores:

- Xestionar os recursos e motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigurosa dos contidos.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións.
- Evaluar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

Competencia dixital (CD).

Os nosos alumnos naceron nunha sociedade construída ao redor de redes de información, na que internet ten unha importancia fundamental. Pero é importante que saiban traballar con esta (obtención, selección, tratamento, análise,...) procedente de fontes diversas (incluídas as tradicionais) que non teñen o mesmo grao de fiabilidade e obxectividade.

O alumno/a deberá ser esixente e crítico na análise da información obtida e utilizada. Para isto se requirirán unha serie de coñecementos e habilidades (que polo xeral o alumnado posúe).

Pero non só obter e utilizar, senón tamén creala, integrando textos, imáxenes, vídeos para presentala na aula tendo sempre unha actitude responsable respecto ás limitacións e seguridade no uso das novas tecnoloxías. Como indicadores desta competencia:

- Seleccionar o uso de distintas fontes xeográficas segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información xeográfica propia a partir de medios tecnolóxicos.

- Utilizar as diferentes canles de comunicación audiovisual para transmitir diversa información.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecementos.
- Aplicar criterios éticos no uso da tecnoloxía.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

A participación activa eo protagonismo do alumno/a nas decisións que afecten á súa aprendizaxe, favorecerá a súa actuación con criterio e determinación, tomando decisións, asumindo posibles riscos e consecuencias. Os traballos de investigación histórica realizados polos alumnos (grupo ou individuais) suporán unha planificación, organización, resolución de problemas, avaliación de resultados,..O alumno deberá aprender a levar a iniciativa de forma responsable tanto na súa vida cotiá como no ámbito escolar. Como indicadores utilizaremos:

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta das mesmas.
- Ser contante no traballo superando as dificultades.
- Xestionar o traballo en grupo coordinando tarefas e tempos.
- Xenerar novas e diferentes posibilidades dun mesmo tema.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover acción novas.
- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas/actividades.

Comunicación lingüística (CCL).

Dende a xeografía contribuírase ao desenvolvemento desta competencia a través do coñecemento e uso correcto do vocabulario específico da materia (adquirido e precisado na ESO) tanto de forma oral como escrita, coa descripción, narración e argumentación, coa lectura comprensiva e comentario e interpretación de textos ou de imáxenes manexando tamén a linguaxe icónica incorporandoo posteriormente á súa linguaxe cotiá.

Actividades como o comentario de diversos tipos de mapas, síntesis explicativas, definición de conceptos e termos,..Terán como finalidade que o noso alumnado de Bacharelato exprese con claridade e rigor as aprendizaxes propias da materia. Tamén terán un peso importante as actividades orais ao estar ante un alumnado pouco acostumbrado a elo. Os indicadores utilizados serán:

- Comprende o sentido dos textos escritos e orais.
- Expresase oralmente e por escrito con corrección e coherencia.
- Entende que existe un contexto socio-cultural para a lingua.
- Utiliza os coñecementos sobre a lingua para buscar información e leer textos en calquera situación.
- Produce textos escritos con diversa complexidade (en diversas situación e en diferentes materias).

- Comprende a imaxe e expresa por escrito ou oralmente o que esta mostra ou quere mostrar.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

A xeografía utiliza estadísticas, escalas numéricas, gráficas; realiza operacións matemáticas sinxelas e gráficas, selecciona información, contrasta datos,...contribuindo a CMCCT. Os alumnos deben ser conscientes que os coñecementos matemáticos, científicos e tecnolóxicos pódense aplicar na análise da historia (incluída a súa propia).

Ao analizar o impacto da ciencia e tecnoloxía no mundo actual e a orixe do mundo industrializado, estaremos afianzando a consecución destas competencias. Pero tamén coa formulación de hipóteses, búsqueda de información, comentario crítico das fontes, rigurosidade nos seus argumentos, a confrontación de ideas...poñeremos ao alumnado en contacto co método científico. Os indicadores utilizados serán:

- Respecto e preservación da vida dos seres vivos no seu contorno.
- Toma de conciencia dos cambios producidos polo ser humano na contorna natural e as repercusións futuras.
- Aplicación de métodos científicos rigurosos para mellorar a comprensión da realidade.
- Manexar os coñecementos sobre a ciencia e tecnoloxía para solucionar problemas e comprender o que ocorre ao noso arredor.
- Responder a preguntas utilizando os coñecementos científicos e tecnolóxicos.
- Aplicación as estratexias do método científico en situación ou problemas da súa vida cotiá.

1. OBXECTIVOS

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

4. CONTIDOS: SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN. MINIMOS

1º TRIMESTRE

Bloque 1. *A xeografía e o estudo do espazo xeográfico*

Bloque 2. *O relevo español: a súa diversidade xeomorfolóxica*

Bloque 3. *A diversidade climática e a vexetación*

Bloque 4. *A hidrografía*

Bloque 5. *As paisaxes naturais e as relacións entre natureza e sociedade*

2º TRIMESTRE

Bloque 1. *A xeografía e o estudo do espazo xeográfico (excepto mapas topográficos)*

Bloque 6. *A poboación española*

Bloque 7. *O espazo rural e as actividades do sector primario*

Bloque 8. *As fontes de enerxía e o espazo industrial*

Bloque 9. *O sector servizos*

3º TRIMESTRE

Bloque 1. *A xeografía e o estudo do espazo xeográfico (excepto mapas topográficos)*

Bloque 10. *O espazo urbano*

Bloque 11. *Formas de organización territorial*

Bloque 12. *España en Europa e no mundo*

1º TRIMESTRE

Bloque 1. A xeografía e o estudo do espazo xeográfico

- Concepto de xeografía. Métodos e ferramentas propias da disciplina.
- Características do espazo xeográfico. Concepto de paisaxe como resultado da interacción entre factores naturais e culturais. Desenvolvemento sustentable.
- Representación gráfica do espazo xeográfico a distintas escalas.
- Planos e mapas: compoñentes e análise. O mapa topográfico nacional a escala 1:50.000.
- Técnicas cartográficas.
- Obtención e interpretación da información cartográfica. Imaxes de satélite.

Bloque 2. O relevo español: a súa diversidade xeomorfolóxica

- Formación e evolución xeolóxica.
- Variedade litolóxica e formas do relevo diferencial.
- Unidades morfoestruturais.
- O solo: elementos constitutivos e localización
- Tema(pregunta teórica)• Formación e evolución xeomorfolóxica da Península Ibérica edas Illas Canarias e Baleares (da era arcaica ao glaciario cuaternario).
- **Prácticos**
 - Comentario guiado dun fragmento de mapa topográfico: identificación das coordenadas xeográficas, máximas e mínimas altitudes, zonas de maiores e menores pendentes, principais cursos fluviais e orientación dos mesmos.
 - Mapa litolóxico de España.

- Debuxos, imaxes gráficas con tipos de modelado: graníticoecárstico.
- **Vocabulario:** Aluvión / Foz/ Meseta/ Tectónica de placas/ Ría/ Tómbolo/ Zócolo/ Macizos Antigos/ Cordilleiras de pregamento/ Cuncas sedimentarias (11)
- España e a súa singularidade xeográfica: unidade e diversidade.
- Relevo español: diversidade xeomorfolóxica. Localización dos principais accidentes xeográficos.
- Evolución xeolóxica do territorio español como conformadora das diferentes morfoestruturas.
- Litoloxía peninsular e insular e formas de modelaxe.
- Identificación das unidades do relevo español peninsular e insular, e os trazos de cada unha
- Corte topográfico: realización e análise. información do relevo obtido de fontes
- Concepto de solo. Os solos en España: variedade edáfica e as súas características.

Bloque 3. A diversidade climática e a vexetación

- Factores xeográficos e termodinámicos do clima.
- Tipos de tempo.
- Dominios climáticos: atlántico, mediterráneo, de interior, de montaña, subtropical
- Factores da diversidade bioxeográfica.
- Paisaxes vexetais: atlántico, mediterráneo, canario e de montaña.
- Tema (pregunta teórica): Factores xeográficos e termodinámicos que inflúen no clima de España.-Factores xeográficos: latitude, situación, influencia do mar, relevo.- Factores termodinámicos: en altura (Jet Stream) e en superficie (centros de acción, masas de aire, fronte).
- **Prácticos:**
- Mapas de temperaturas e precipitacións medias.
- Mapas do tempo en superficie: Advección do Oeste e Anticiclón de Verán.
- Análise dun climograma arquetípico dos grandes dominios climáticos españois: oceánico, mediterráneo e subtropical.
- Análise de cliseries: Pireneos e Teide

- **Vocabulario:** Aridez / Barlovento/ Inversión térmica/ Isóbara/ Isohietas/ Avesedo (umbría)/ Laurisilva/ Maquis/ Vexetación clímax/ Vexetación antrópica/ Landa (11 definición)

Bloque 4. A hidrografía

- Cuncas hidrográficas e tipos de réxime fluvial.
- Lagos, lagoas, zonas húmidas costeiras.
- Problemática dos recursos hídricos: transvases, desalinización, recuperación de acuíferos, saneamento dos ríos.

Práctico: Comentario de hidrogramas (pluvio-nival, pluvial oceánicoepluvial mediterráneo).

Vocabulario: Cunca fluvial/ Estiaxe/ Marisma (3).

BLOQUE 5 –AS PAISAXES NATURAIS E AS RELACIÓNS ENTRE NATUREZA E SOCIEDADE

- A paisaxe: recurso común, interpretación e transformacións recentes.
- O patrimonio natural español e categorías de protección.
- Repercusións ambientais da acción humana: Contaminación, quecemento global, pegada ecolóxica.
- Respostas e solucións cara a sustentabilidade.
- Tema(pregunta teórica)• Repercusións ambientais da acción humana:- Contaminación.-Quecemento global.-Pegada ecolóxica
- Práctico-Comentario dunha imaxe de paisaxe natural: atlántica, mediterráneaou de montaña.
- Vocabulario: Efecto invernadoiro/ Paisaxe (2)

2º TRIMESTRE

Bloque 1. A xeografía e o estudo do espazo xeográfico

- Concepto de xeografía. Métodos e ferramentas propias da disciplina.
- Características do espazo xeográfico. Concepto de paisaxe como resultado da interacción entre factores naturais e culturais. Desenvolvemento sustentable.
- Representación gráfica do espazo xeográfico a distintas escalas.
- Planos e mapas: compoñentes e análise.
- Técnicas cartográficas.
- Obtención e interpretación da información cartográfica. Imaxes de satélite.

Bloque 6. A poboación española

- Os movementos naturais da poboación.
- Mobilidade espacial da poboación e debate sobre a inmigración.
- A estrutura demográfica: idade, sexo e actividade económica.
- Distribución espacial.
- Tema(pregunta teórica)• Dinámicas demográficas actuais:-Desequilibrios territoriais no movemento natural da poboación.-Movementos migratorios(1990 á actualidade
- Prácticos:
- Analizar taxas demográficas de Galicia(movemento natural)
- Comentar e comparar pirámides de poboación(década de 1960 e actual).
- Gráfica da transición demográfica en España.
- Vocabulario: Poboación activa/Esperanza de vida/Réxime demográfico/Censo de poboación/Crecedemento vexetativo/Taxa de fecundidade/Padrón municipal.

Bloque 7. O espazo rural e as actividades do sector primario

- Os usos do solo e a súa distribución: tipos e factores explicativos.
- A estrutura agraria e as súas transformacións recentes (U.E.)
- O desenvolvemento da gandería española e as súas transformacións.
- A explotación dos bosques.
- As paisaxes agrarias: atlántica, mediterránea, de interior, canaria e de montaña.
- A pesca e os espazos pesqueiros.
- Tema(pregunta teórica)• Transformacións recentes na estrutura agropecuaria española:-As explotacións agrarias.-Técnicas e sistemas agrarios.-Política Agrícola Común.
- Prácticos-Comentario e localización dunha paisaxe agraria española: atlántica, mediterránea e de interior.
- Mapa de espazos pesqueiros (rexións e caladoiros).
- Vocabulario: Acuicultura/ Agricultura ecolóxica/ Denominación de orixe/ Desagrarización/ Explotación intensiva/ Política Pesqueira Comunitaria (PPC)/ Silvicultura.

Bloque 8. As fontes de enerxía e o espazo industrial

- Proceso e factores da industrialización española.
- O tecido industrial español e os seus contrastes.
- Gran variedade de paisaxes industriais.
- Áreas de antiga industrialización.
- Áreas urbanas e rurais.
- Paisaxes da innovación.
- Situación actual da industria: desafíos e globalización.
- A enerxía: a diversidade de fontes de enerxía.
- Tema(pregunta teórica)• Situación actual da industria en España.-Os problemas estruturais (dimensión, I+D+i, tecnoloxía) -Tendencias recentes da industria en España: globalización e deslocalización.
- Prácticos-Comentario dunha paisaxe industrial.-Mapa das principais áreas industriais de España.
- Vocabulario: Enerxías renovables/ Fondos estruturais/ Subcontratación/ Industrias verdes/ Materias primas estratéxicas / Parque tecnolóxico.

Terceiro trimestre

Bloque 9: Urbanismo

- Terciarización da economía e sociedade do benestar.
- Distribución comercial e espazos do consumo.
- Os servizos financeiros e a balanza de pagamentos.
- Transporte e comunicacións.
- Os espazos turísticos.
- Paisaxes turísticas.
- Impactos ambientais.
- Prácticos-Comentario de paisaxes turísticas.-Mapas da distribución de redes e infraestruturas do transporte (autoestradas e autovías).-Mapas ougráficos sobre a distribución e tendencias do turismo.
- Vocabulario: Balanza comercial/ Economía somerxida/ Ecoturismo/ Franquía/Taxas aeroportuaria

Bloque 1. A xeografía e o estudo do espazo xeográfico

- Concepto de xeografía. Métodos e ferramentas propias da disciplina.
- Características do espazo xeográfico. Concepto de paisaxe como resultado da interacción entre factores naturais e culturais. Desenvolvemento sustentable.
- Representación gráfica do espazo xeográfico a distintas escalas.
- Planos e mapas: compoñentes e análise.
- Técnicas cartográficas.
- Obtención e interpretación da información cartográfica. Imaxes de satélite.

Bloque 10. O espazo urbano

Bloque 11. Formas de organización territorial

- Organización territorial de España.
- Influencia da historia e da Constitución de 1978 no deseño territorial.
- Desequilibrios e contrastes territoriais.
- Comunidades Autónomas: políticas rexionais e de cohesión territorial. Comunidade Autónoma de Galicia.
- A cuestión territorial na España das autonomías.

Bloque 12. España en Europa e no mundo

- España: situación xeográfica; posición e localización dos territorios que conforman a unidade e a diversidade política.
- España en Europa. Estrutura territorial. Contrastes físicos e socioeconómicos de Europa.
- Posición de España na Unión Europea. Políticas rexionais e de cohesión territorial.
- España no mundo. Globalización e diversidade no mundo.
- Procesos de mundialización e desigualdades territoriais. Grandes eixes mundiais.
- Posición de España nas áreas socioeconómicas e xeopolíticas mundiais.

CONTIDOS MÍNIMOS

Os enunciados son os mesmos cos xerais, sen embargo daránselle maior importancia aos prácticos, aspecto que se reflicte nas % dos estándares de aprendizaxe avaliáveis.

1. AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN: ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES, relación con OBXECTIVOS, COMPETENCIAS CLAVE, CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

1º TRIMESTRE

Bloque 1. *A xeografía e o estudo do espazo xeográfico* **10%**

Bloque 2. *O relevo español: a súa diversidade xeomorfolóxica* **25%**

Bloque 3. *A diversidade climática e a vexetación* **25%**

Bloque 4. *A hidrografía* **20%**

Bloque 5. As paisaxes naturais e as relacións entre natureza e sociedade **20%**

2º TRIMESTRE

Bloque 1. *A xeografía e o estudo do espazo xeográfico* (excepto contido de mapas topográficos) **10%**

Bloque 6. *A poboación española* **25%**

Bloque 7. *O espazo rural e as actividades do sector primario* **20%**

Bloque 8. *As fontes de enerxía e o espazo industrial* **20%**

Bloque 9. *O sector servizos* **25%**

3º TRIMESTRE

Bloque 1. *A xeografía e o estudo do espazo xeográfico* (excepto contido de mapas topográficos) **10%**

Bloque 10. *O espazo urbano* **25%**

Bloque 11. *Formas de organización territorial* **35%**

Bloque 12. *España en Europa e no mundo* **30%**

Os obxectivos, estándares, criterios de avaliación e competencias clave son as recollidas no Decreto 86/2015.

AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN: MÍNIMOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES, relación con OBXECTIVOS, COMPETENCIAS CLAVE, CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

Daráselle maior % aos contidos do Bloque 1 secuenciados nos tres trimestres. Variando a % dalgún dos bloques (negrita).

1º TRIMESTRE MÍNIMOS

Bloque 1. *A xeografía e o estudo do espazo xeográfico* **15%**

Bloque 2. *O relevo español: a súa diversidade xeomorfolóxica* 25%

Bloque 3. *A diversidade climática e a vexetación* 25%

Bloque 4. *A hidrografía* **15%**

Bloque 5. As paisaxes naturais e as relacións entre natureza e sociedade 20%

2º TRIMESTRE MÍNIMOS

Bloque 1. *A xeografía e o estudo do espazo xeográfico* (excepto contido de mapas topográficos) **15%**

Bloque 6. *A poboación española* 25%

Bloque 7. *O espazo rural e as actividades do sector primario* 20%

Bloque 8. *As fontes de enerxía e o espazo industrial* 20%

Bloque 9. *O sector servizos* **20%**

3º TRIMESTRE MÍNIMOS

Bloque 1. *A xeografía e o estudo do espazo xeográfico* (excepto contido de mapas topográficos) **15%**

Bloque 10. *O espazo urbano* 20%

Bloque 11. *Formas de organización territorial* 35%

Bloque 12. *España en Europa e no mundo* 30%

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.

- I. A observación sistemática do alumno/a e do grupo na aula co fin facer un seguimento dos

traballos realizados (individualmente ou en grupo, obrigatorio ou/e voluntario) e da actitude do mesmo durante as explicacións. Observación concebida como un elemento corrector puntual e necesario e non un mero elemento de penalización.

- II. Probas ou exames escritos teórico-prácticos.
- III. Traballos prácticos como a análise ou comentario de mapas físicos e humanos, gráficas, fotografías, ...
- IV. Observación do alumnado nas actividades complementarias ou extraescolares relacionadas coa materia.

Para recoller toda a información, está o caderno do profesor, listas de control de faltas do SIXA, caderno do alumno, correo electrónico (que se lle facilitará aos alumnos) a través do cal o alumnado entregará todo traballo práctico ao profesor/a.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Probas escritas teórico-prácticas

- 2 probas escritas teórico-prácticas por trimestre (máximo 9 puntos) na que deberá demostrar o nivel de coñecementos adquirido durante o mesmo.
- Unha proba de recuperación por trimestre. Realizaranse ó comenzo do trimestre inmediatamente posterior no que o alumno irá con toda a materia do trimestre.
- Unha única proba final de recuperación en maio da avaliación ou avaliacións non superadas.
- Unha proba da totalidade da materia en setembro (máximo 10 puntos), sexan as que sexan as avaliacións suspensas ó longo do curso.
- As probas ou exames escritos que se realizarán para avaliar a adquisición dos estándares basearanse na análise de gráficas/os, mapas temáticos, definición de conceptos básicos e unha pregunta teórica breve (a cualificación numérica de cada pregunta aparecerá no enunciado das mesmas). Os alumnos realizarán as prácticas necesarias ao longo do trimestre. As datas destes exames serán fixadas xunto cos alumnos coa oportuna antelación e coñecidas públicamente.

Outros (máximo 1 punto)

- Realización de catro traballos (comentarios de gráficas, mapas,...) que se lle encomenden ao longo do trimestre e na que se valorará unha axeitada presentación, a utilización correcta do vocabulario, a participación e interese pola materia (prazos de entrega,...). As datas de entrega se fixarán cunha antelación mínima de 5 días e

Nos exames e traballos a realizar durante o curso se terán en conta tamén os seguintes aspectos:

- Estructura organizada, orixinal e unha boa presentación.
- Uso correcto da bibliografía (incluída páxinas web) evitando a reprodución exacta.
- Expresión racional, lóxica e ordenada.
- A aplicación da capacidade de análise, síntese e dedución.
- Utilización das regras ortográficas.
- Emprego axeitada da terminoloxía da materia.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

CURSO

- 9 puntos máximo (trimestre) nas dúas probas escritas.
- 1 punto máximo (+ ou) - na nota do exame (segundo datas fixadas) dos catro traballos trimestrais.
- A nota final de curso será a media aritmética das tres avaliacións (no caso de que o alumno/a tivese que recuperar algunha das avaliacións a media sería sobre 5 máximo).
- Si se detecta que un alumno/a está realizando algunha destas probas escritas con “*métodos ilícitos*” (copiando) sexa cun móbil, escrita, etc..., o profesor/a requisará a proba material (se a houbese), interrompindo dita proba. O alumno/a terá unha nota de cero en dita pregunta e no feito ata o momento. Ademais, se porán os feitos en coñecemento de xefatura de estudos para a correspondente medida corretora segundo o procedemento corretor do IES.
- A falta de asistencia á unha proba escrita (convocada previamente polo profesor/a) implicará unha nota negativa de 0 na mesma. Só se poderá realizar esta noutro día, se o alumno/a aporta unha xustificación documental expedida por un organismo oficial, país,..., na que conste o día e hora de dita xustificación (cando coincida co día e hora na que estaba establecida a realización da proba escrita).

SETEMBRO

- 10 puntos máximo na proba extraordinaria.
- O mesmo criterio que durante o curso se se atopa ao alumno/a copiando.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Curso (exames escritos)	9 puntos máximo 0 no feito se copiase
Recuperacións trimestrais	10 puntos máximo (mínimos) ou no feito se copiase
4 Comentarios obrigatorios por trimestre	1 punto máximo - Se non entregase nos prazos fixados + 0, 25 máximo por traballo/comentario
Setembro (exame escrito)	10 puntos máximo 0 no feito se copiase

CRITERIOS DE PROMOCIÓN

Recollidos na lexislación e no PEC do centro.

AVALIACIÓN INICIAL

Os alumnos realizarán na primeira xornada do curso académico actividades de repaso dos contidos vistos na ESO sobre Xeografía necesario para coñecer á diversidade do alumnado, saber do nivel do que partimos.

CONTINUA

O alumno/a será avaliado trimestralmente a través de dúas probas escritas teórico-prácticas a valorar como máximo sobre 9 puntos. Tamén se terán en conta outros aspectos como os catro traballos a realizar durante o trimestre a valorar como máximo en 1 punto.

Ao comenzo do trimestre posterior (nunha data previamente fixada) farase unha proba teórico-práctica de recuperación a valorar como máximo en 5 puntos (mínimos). Esta será a nota a ter en conta ao calcular a media aritmética das tres avaliacións.

FINAL

A nota final será a media aritmética das tres avaliacións (recuperacións sobre 5 máximo).

SETEMBRO

Nas datas fixadas polo centro, o alumno/a realizará unha proba teórico-práctica a valorar como máximo sobre 10 puntos.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN NA ACTIVIDADE LECTIVA TELEMÁTICAS

Para anticiparse a unha hipotética suspensión das clases presenciais o **alumnado recibirá a principio de curso o conxunto de materiais docentes da materia**

(apuntes, resumos, esquemas, etc). De modo que con esta medida poderá dispor de todos os contidos para resolver calquer modelo de exame (entrégaselle ao alumnado as definicións de todo o curso, as preguntas curtas a desenvolver de cada un dos bloques temáticos.

O seguimento e clases da materia levaranse a cabo por webex (principalmente) e pola aula virtual. A materia de xeografía require unha explicación detallada dos contidos temáticos que lle permitan desenvolver as preguntas teóricas e os prácticos da material, de modo que continuárase co horario da clase presencial (**luns de 9:20 a 10:10, martes de 12:20 a 13:10, mércores de 9:20 a 10:10 e xoves de 13:10 a 14:00**) pola **plataforma webex**. Durante estas sesións explicaranse todos os temas de acordo coa estrutura establecida para o curso. Ademais proporase ao alumnado, se o desexa, a implementación de unha hora adicional quincenal para resolver dúbidas sobre os procedementos de avaliación (prácticos da materia, resolver dúbidas ou profundizar en aspectos da materia non comprendidos suficientemente). A **aula virtual** será utilizada únicamente para tres fins (cun peso das actividades propostas dun **15 % da nota**:

- Poñer a disposición do alumnado prácticos da materia segundo o modelo da abau.
- Realización de cuestionarios de autoavaliación para que o alumnado comprobe os seus progresos na materia.
- Creación dun foro por tema para resolver dúbidas

A materia de xeografía de España segundo o modelo de exame establecido na abau non permite a realización de probas escritas mediante a aula virtual xa que segundo o formato de abau o alumnado non podería ser avaliado de modo efectivo nas preguntas de teoría, definicións ou prácticos da materia, polo que para a realización de exames utilizarase a plataforma webex. Ante o número reducido de alumnos/as neste curso 2020/2021 (4 [alumn@s](#)) a plataforma webex permite realizar un exame de formato abau que tería un peso dun 60% da cualificación.

Avaliación e cualificación final das actividades telemáticas

Instrumentos:

- *Prácticos dos diferentes bloques temáticos.*
- *Un exame telemático dos contidos impartidos.*
- *Catro sesións de clases semanais por videoconferencia pola plataforma webex.*
- *Tests de autoavaliación por bloques temáticos que se colgarán na aula virtual.*

Cualificación da materia (porcentaxes)

- **Prácticos entregados (mínimo de tres por trimestre mediante aula virtual/correo electrónico) 15 % da nota.**
- **Asistencia ás clases (ata 4 semanais) por videoconferencia, a puntuación será a máxima en caso de participar no 100% das sesións (25% da nota). A asistencia ás sesións webex permitirá ao alumnado adquirir destrezas e coñecementos para realizar con éxito as composicións de textos, de ahí o peso na nota. Esta asistencia a clases é imprescindible para que o alumnado poda explicar e desenvolver ben a materia.**
- **Dous exames telemáticos por webex de contidos impartidos no trimestre (peso dun 60% da nota)**
- **Medios utilizados para a comunicación telemática co alumnado:**
- **Webex** como plataforma para dar as clases telemáticas e para impartir docencia no momento no que se produza un abrocho e parte do alumnado non poda asistir ás clases presenciais. De modo que o alumnado poderá seguir dende o seu domicilio as clases (sempre que o seu estado de saúde o permita).
- **Correo electrónico** medio a través do cal se lle enviará ao alumnado apuntes complementarios (xa que dispoñen dos apuntes da materia dende o principio do curso). Medio de recollida de comentarios propostos ou ben na aula virtual ou polo propio correo.
- **Aula virtual** na que se pendurarán procesos prácticos de avaliación (comentarios, prácticos, etc). Tamén o alumnado poderá realizar test de autoavaliación para coñecer a súa evolución na materia.

Zoom como plataforma soporte en caso de que o webex non se poda usar ou presente problemas de índole técnica.

1. METODOLOXÍA

A metodoloxía empregada para a exposición das distintas unidades será fundamentalmente práctica, combinando ó longo das clases a exposición teórica de contidos coa práctica, como análise de fontes cartográficas, estatísticas, gráficas, documentos, páxinas web, etc... Para elo, o profesor/a deberá facilitar ó alumno o seguinte material didáctico: manuais e libros de consulta, textos, mapas, gráficas, esquemas de estudo, ..., que os alumnos ordenarán nun caderno de traballo. Tamén se utilizarán os medios audiovisuais dispoñibles intentando ampliar este material ó longo do curso.

É importante mostrarlle ao alumnado diversas maneiras de obter e de presentar a información, e facilitarlle a comprensión dos conceptos e permitir traballar os

procedementos característicos do método xeográfico. O profesor/a proporcionaralle ó alumnado as pautas necesarias para analizar e interpretar sistematicamente as distintas fontes xeográficas (mapas, gráficas, táboas estatísticas.e textos, páxinas web,..). Esta análise e explicación potenciará a comprensión da multicausalidade de maneira que o alumnado se achegue á complexidade da realidade xeográfica (incluída a máis cercana).

Materiais e recursos

Para impartir esta materia seguirase o libro de texto: *Xeografía*, Editorial Anaya, 2º Bacharelato e apuntes de elaboración propia.

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Non debemos avaliar a aprendizaxe do alumno, senón tamén o proceso de ensino e práctica como docentes. Así establecemos os seguintes indicadores de logro na programación didáctica. Nestes indicadores avaliamos diferentes frentes, centrándonos na atención á diversidade, nas actividades de aula, na avaliación e na programación (aspecto que aparecerá recollido ao final). Este cuestionario individual non será o único procedemento de recollida, tamén está o caderno de cada profesor/a.

A interpretación e xestión das respostas: nas reunión do departamento (cada membro e conxuntamente) posteriormente o/a xefe/a de departamento levaraos á CCP para unha posta en común.

2. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Un grupo de alumnos de 2º Bacharelato non é homoxéneo (non todos aprenden da mesma maneira nin ao mesmo tempo). Como docentes debemos atender os diferentes ritmos de aprendizaxe (tanto os que presentan dificultades como aos que teñan un nivel máis avanzado para que non teñan a sensación de estar perdendo o tempo).

Por este motivo se levará unha sinxela actividade para coñecer e detectar as dificultades na primeira/as xornadas de curso e así organizar a explicación. Se fose necesario se levarán a cabo:

Ampliación dos tempos previstos para a realización dunha proba escrita (sempre coa correspondente información documental).

Ampliando, reducindo, modificando determinados contidos en función do grao de dificultade para favorecer a aprendizaxe.

Elaborando distintos procedementos para o alumnado que teña dificultades, simplificándolle no posible as tarefas, ou aumentar a complexidade das mesmas para os que teñan maior nivel.

Crear un clima de colaboración, fomentando o traballo en grupo de determinadas actividades.

Colaboración co Departamento de Orientación cando sea necesario e no caso de alumnos/as concretas.

3. ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

Contidos que impregnan todas as materias, dende a Xeografía de 2º de Bacharelato se traballarán:

A Expresión oral con debates na aula, traballos en grupo en temas como a conservación patrimonial ou de bens inmateriais co fin de que o alumnado mellore ou consolide as súas destrezas comunicativas.

A Expresión escrita coa realización de diferentes tipos de traballos e probas escritas,...nas que non só se valorará o grao de avance de aprendizaxe do alumno, senón a coherencia, rigor, claridade na escrita e a madurez. Aspecto que se traballará en todos os contidos dos tres trimestres.

Comunicación Audiovisual e as TIC de forma activa tanto para a búsqueda de información como para transmitila.

Educación en valores: respecto aos demais, tolerancia, rechazo a toda discriminación,...

Emprendimento: o traballo en grupo importante na sociedade actual, pero tamén noutros momentos da nosa historia como a Transición, ver como despois dunha ditadura puideron chegar a consensos.

Conservación e valoración do patrimonio natural e humano será o que teña maior peso.

4. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

As que xurdan ao longo do curso e resulten de interés para o alumnado.

6.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA. Anexos

Ao analizar e revisar a práctica docente, estamos ao mesmo tempo avaliando, revisando e modificando (se fose preciso) a programación elaborada a comezo do curso

escolar. No caso da programación para Xeografía de 2º Bacharelato Humanidades e Ciencias Sociais, se estudarán trimestralmente os resultados a nivel de departamento (reflectidos na correspondente acta), adoptando medidas inmediatas na aula se fose necesario. Na memoria final de curso se recollerán com detalle as medidas adoptadas como resultado da revisión.

Do mesmo xeito que na práctica docente o instrumento escollido e o cuestionario, o mecanismo de estudo é o mesmo que o recollido no punto 7.

7.- OUTROS: CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR, CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC, CONTRIBUCION DO PLAN DE CONVIVENCIA.

ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR

Non se contemplan medidas específicas.

TIC

Serán fundamentais na explicación cotiá da aula (ordenador, presentacións de páxinas web,...) e tamén para a realización de estudos/traballos por parte do alumnado.

CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Polas características da materia, trataranse fundamentalmente a educación ambiental e para o consumidor, pero sen descoidar outros aspectos.

Programación xeografía de España curso 2021/22
Francisco García Sánchez